



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Con ocasión da entrada en vigor o pasado día 3 de maio de 2008 da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, e do seu Protocolo facultativo, adoptados pola Organización das Nacións Unidas, o Parlamento da Comunidade Autónoma de Galicia, reconece a súa extraordinaria importancia como instrumento xurídico internacional que instaura unha nova concepción da discapacidade, centrada nos dereitos humanos e na persoa con discapacidade como titular irrenunciable de devanditos dereitos.

Como forma de colaborar á súa efectiva vixencia, o Parlamento de Galicia, en sesión plenaria, adopta a seguinte declaración institucional:

- 1.- Comparte o contido da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, que ten a vocación de impulsar o recoñecemento das persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos humanos en igualdade de condicións, instando os países que integran a comunidade internacional á súa protección e garantía.
- 2.- Expresa a súa disposición a colaborar na plena e efectiva implantación dos valores, principios, mandatos e disposicións recollidos na Convención a través da aplicación dos mesmos en todos os actos orixinados neste Parlamento, velando pola súa plena accesibilidade e polo seu respecto o dereito de igualdade de oportunidades e non discriminación.
- 3.- Comprométese, no ámbito das súas competencias, a favorecer o trámite das leis e disposicións autonómicas que sexan necesarias, e a modificar calquera outra que o requira, para garantir a plena inclusión das persoas con discapacidade como cidadáns en igualdade de oportunidades, incluída a súa plena participación na vida pública e os dereitos de sufraxio activo e pasivo, entendendo que para a súa consecución será necesario contar coas organizacións representativas deste sector social no deseño e definición das políticas públicas de discapacidade.
4. Rexeita e condena a violación dos principios e disposicións contidas na Convención e calquera outro acto que vulnere o dereito de non discriminación, comprometéndose a erradicalos sempre que recaia no ámbito das súas competencias.
5. Recomendar ás demais institucións e poderes públicos desta Comunidade Autónoma a adherirse a esta declaración institucional e a aplicar e respectar os principios e disposicións contidos na Convención no ámbito das súas competencias e obrigacións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 08.